

**Asunto:** Remisión de informe de compatibilidade urbanística do concello ao amparo dos artigos 12 e 15 do Real Decreto Lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (TRLPCIC).

Considerando que o 14 de decembro de 2017 (rex. entrada núm. 10.679), D. Víctor Manuel Toca Salgado, en nome de Toca Salgado SL, presentou neste concello solicitude de informe de compatibilidade urbanística para xuntar coa solicitude de autorización ambiental integrada do proxecto construtivo para levar a cabo actividades dentro das categorías e epígrafes 5.4 e 9.2 da Lei 16/2002, do 1 de xullo.

Considerando que o 10 de xaneiro de 2018, o concello de Teo remite escrito ao interesado solicitando a presentación do proxecto citado para poder avaliar a súa compatibilidade urbanística.

Considerando que o 26 de xaneiro de 2018 (rex. entrada núm. 713) D. Víctor Manuel Toca Salgado presenta a documentación consistente nun proxecto básico e estudo de impacto ambiental para a solicitude de autorización ambiental integrada das instalacións que pretende situar no Concello de Teo.

Considerando que o día 3 de setembro de 2018 o arquitecto municipal fai entrega a esta Alcaldía do INFORME TÉCNICO REDACTADO DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 15 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 1/2016, DE 16 DE DECEMBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE PREVENCIÓN E CONTROL INTEGRADOS DA CONTAMINACIÓN no que se conclúe que a actividade contida no proxecto básico e estudo de impacto ambiental para a solicitude da autorización ambiental integrada das instalación de xestión de residuos que Toca Salgado S. L. pretende instalar en Teo, **non é compatible co PXOM de Teo e demais normativa urbanística de aplicación.** Achégase co presente copia do citado informe.

En virtude do exposto, e en cumprimento do establecido no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, por medio do presente **SOLICÍTASE** ao órgano competente da Comunidade autónoma para outorgar a autorización ambiental integrada que, en virtude do informe citado, dite **resolución motivada poñendo fin ao procedemento e arquivando as actuacións.**

Teo, 4 de setembro de 2018.

O alcalde  
Rafael C. Sisto Edreira

  
CONCELLO DE **TEO**  
Alcaldía